



ATENCIÓN

AUTORIZACIÓN CON LIMITACIONES DE USO DE MAQUINARIA



Resumo do disposto no artigo único da Orde do 23 de xuño de 2026 pola que se regula a utilización de maquinaria durante a época de perigo alto, nos supostos de índice de risco de incendio forestal moi alto ou extremo.

1

AUTORIZACIÓN XERAL



Durante a época de perigo alto de incendio forestal, cando o IRDI acadase os niveis de moi alto ou extremo, autorízase a realización de traballos e actividades de carácter preventivo, silvícola ou agrícola que requiran o emprego de maquinaria agrícola ou forestal dentro dos terreos forestais e das súas zonas de influencia dos concellos afectados, nos termos e coas recomendacións establecidas no Pladiga 2026.




CONDICIÓN

Nos termos e coas recomendacións establecidas no Pladiga 2026.

2

CONDICIONAMENTO HORARIO




Na franxa horaria das

12:00 ás 18:00 horas,

esta autorización quedará condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos no número 3.

Mapa de IRDI previsto para hoxe

- Extremo
- Moi Alto
- Alto
- Moderado
- Baixo



3

REQUISITOS OBRIGATORIOS (de 12:00 a 18:00 horas)

Para o desenvolvemento dos devanditos traballos e actividades, será obrigatoria a dispoñibilidade inmediata dos seguintes medios persoais e materiais de extinción:

a) MEDIOS PERSOAIS



Unha persoa en funcións de auxiliar, cuxa función será a detección temperá de posibles conatos de incendio e a notificación inmediata aos servizos de emerxencia a través das liñas telefónicas

085 ou **112**

ou da aplicación móbil Alume.



b) MEDIOS MATERIAIS

Un vehículo equipado con, como mínimo:



Depósito de auga cunha capacidade mínima de **400 litros**

+



2 batefuegos

+



1 extintor de escuma con base de auga dunha capacidade non inferior a **6 kg**

+



1 mochila extintora cunha capacidade mínima de **15 litros**



En todo caso, o cumprimento destas medidas preventivas e das condicións establecidas pola normativa vixente **non exime das responsabilidades** que poidan derivar da provocación dun incendio forestal.



Esta orde non prexudica a aplicación dos artigos 31 e 39 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, aplicables en xeral ao uso de maquinaria e equipamento durante a época de perigo alto de incendio.

